

Literatura comparada, *Anschluss* metodolóxico

Noel Blanco Mourelle

[Recibido, xaneiro 2005; aceptado, xullo 2006]

RESUMO O autor pretende observar o senso dun límite da práctica comparatista en tanto práctica retórica. Para lograr este propósito leva a cabo tres pasos fundamentais: a) establecer un lugar de hermenéutica que sinala a posibilidade/imposibilidade do Outro como lugar de linguaxe; b) a crítica de dúas variantes institucionais vixentes do comparatismo centrada en dous autores concretos, cuxa selección sería discutíbel considerada desde un punto de vista de sacralidade que non nos preocupa en absoluto; c) o establecemento de fundamentos de linguaxe que, en lugar de basearse na converxencia, produzan un espazo factíbel de alteridade. Podería definirse esta dinámica de escritura desde un punto de vista dialéctico, o autor exclúe por principio esta posibilidade.

ABSTRACT In this article, the author sets out to examine the meaning of a limit in comparatist practice in its rhetorical sense. In order to do this, he undertakes three basic operations: a) he establishes a hermeneutic space which marks the possibility/impossibility of the Other as a linguistic space; b) the criticism of two academic schools of comparativism which base themselves on two authors in particular, the choice of whom could be debated given their iconic status, but that does not concern us in the slightest; c) the establishment of linguistic principles which, instead of basing themselves on convergence, would offer a practical space of alterity. Although one could define this writing process from a dialectical point of view, the author excludes this possibility on principle.

Es liegen darin die Elemente, daß die Nationen einem Zustande zugehen, entgegenreifen, den wir menschlichen nennen, mit dem wir zu sympathisieren fähiger sind.

G. W. F. Hegel

Ma bibliothèque idéale est essentiellement ouverte.

Gaston Bachelard

As variacións metodolóxicas da literatura comparada maniféstanse como proxeccións sucesivas dunha incapacidade. Tal incapacidade é a de deseñar un modelo de discurso que conduza á consciencia da imposibilidade da comprensión do suxeito da alteridade e da aceptación da necesidade deste movemento do discurso en tanto *promesa*. Urxe aclarar dúas cousas sobre este movemento: a) na súa formulación está contido o principio da súa insaciábel ansiedade metodolóxica; b) está orientado na dirección contraria a calquera posición estratéxica de converxencia ou posibilismo.

A condición de *Anschluss* do discurso no que se funda o comparatismo cífrase na imposibilidade de debuxar a materialidade do rostro do Outro (Miner, Etiemble)¹. Ningunha proposta do comparatismo futuro pode pretender desenvolverse sen ter feito as contas con esta circunstancia: a nosa conclusión será que o discurso comparatista debe fundarse nunha inclusión radical como efecto previsto cara ao consumo en tanto proxección.

Falaremos de alienación, do seu desafío en tanto escritura e da practicabilidade dunha superretórica da fragmentación.

1

O principio de alienación como esquema fundador dun sistema de observación do produto literario dá lugar en primeira instancia a unha superposición vertixinosa de planos desde o punto de vista comunicativo, obxectual e metodolóxico (metacomunicativo). A converxencia resulta inconcibíbel, aínda considerando de ampla relevancia a emerxencia do factor biolóxico. Toda circunstancia de enunciación do discurso debera terse en conta principalmente,

¹ Levaremos a cabo a análise de dous autores concretos porque están colocados nunha posición crucial: é posíbel considerar que ambos pertencen a estacións superadas. En absoluto. O discurso comparatista que produce a entidade xecocultural que podemos identificar co Propio, sitúase aínda con respecto ás modalidades dun principio que Etiemble e Miner representan. Os mesmos autores interrogarían o comparatismo do Propio sobre os seus límites e as súas posibilidades desde unha estación particular que non contempla a contradición que se produce entre o seu cumprimento e o seu reflectirse nunhas condicións que teñen máis que ver cun dique de contención real que co morno proxecto de converxencia que afirman. (Cando nos refiramos ao Propio non nos limitaremos ao esquematismo de considerar o Propio con respecto a unha posíbel posición actancial de exercicio do discurso, Propio é *deste lado* dunha determinada planificación que non se esgota a si mesma na súa capacidade de ser lida en clave de alienación nin remata de dicirse a si mesma cando se revela a imposibilidade do Outro).

sempre desde este punto de vista, como unha metatopoloxía de límites de si mesma e, sobre todo, das posibilidades da súa propia viabilidade desde si mesma. Non tanto non prescritiva senón orientada a expoñer a falsabilidade do seu desenvolvemento dialéctico como unha trampa derivada da *dispositio*². Non tanto simplemente non esquemática senón disposta a/para/en-función-do-valor-de desdobrar sucesivamente e até a fin da súa produtividade todas as especificidades retóricas que exerce e nas que acaba por erixirse. Afirmar, tendo establecido tales premisas, a multiplicidade do obxecto de estudo, a súa cualidade de suxeito novamente paciente, resulta unha banalidade. Entenderase en adiante, polo que a nós respecta, que se debera falar de construción do suxeito-dobre-do-produto que á fin se consume orixinando (evidenciando a través de precisas estratexias do obvio) e negando (agochando: convertendo o texto/producción en fetiche ou corpo-interposto-mistificación da súa eficiencia cando non do seu valor de mercado) modos de violencia. Alén do sensacionalismo indisociábel da expresión, estes modos son a fin dun proceso. No principio —podemos dicir con Lacan que “l’innocent ne sait pas les chemins” (Lacan 1973: 186)³. Poderían ser pechadas as portas do desenvolvemento para sempre no lugar dese *ideal* principio? Se a resposta fose afirmativa, teríamos que propoñer a farsa da liña da metáfora para explicar-nos travestindo de *lóxica* unha imaxe, en fin, proveniente só dunha certa escolástica do *arkhé* (construción retórica con valor de imaxe centralizadora). Non será que no noso principio en tanto lugar sen duración está a nosa fin? Admitamos, fiándonos desta última posición, a transversalidade do suxeito en tanto experimentador de múltiples procesos asociados a eventos e outros modos de continxencia (dun xeito, iso si, non lineal e non unidireccional, non obvio e non *lórico*). A este suxeito revélaselle un espesor de significado en cada acción na que os límites dos trazos [experiencia] e [descoñecemento] deveñen confusos con respecto a si mesmos e con respecto a outras posibilidades. Todo o espazo que se interpón entre o suxeito e a cognición do real non é unha novela. O *nasciturus* parte dun capital acumulado que, encarnado agora si na concreción,

² Presentándose a *dispositio* xa non como factor textual de permanencia nunha liña diacrónica da que se induciría eventualmente unha consecuencia, senón como lugar común xeocultural que obedece a un modelo de violencia encubridora e evidenciadora da multiplicidade do desexo dun certo modelo de planificación.

³ Paráfrase da non duplicidade de Dafnis e Cloe: paráfrase indirecta da non-infidelidade (exposición simplificador da complexo tecido da experiencia de iniciación) senón circunstancia de precipitación do proceso de coñecemento (exercido sempre polo actante único e unívoco, se ben biface). Estratexia irónica?

excede o límite dos radicais de coñecemento inherentes ao humano. Neste esquema o acontecemento respondería a unha lóxica referencial declaradamente *menor* na que o fresco ou partitura, agora si, novelesca estaría destinada a interpoñerse entre si mesma e a eficacia económica dos seus principios selectivos. A contemplación do seu dobre (figura metateórica) devén unha alegoría de carácter escénico na que texto e paráfrase se mesturan no lugar da representación esvaecendo, como consecuencia, o fío da sucesión causa-efecto. Cara a unha non-actancialidade? Quizais cara a unha postactancialidade que evite o perigo da redacción e á vez salvagarde a impresión da radicalidade do acto da aparición (non esencia: límite) en contra da tendencia cara a unha falsa amálgama que proviría dunha matriz de pensamento idealista. A fundación dun espazo, de cada espazo, se permanece clara a liña da acción, ten como motor o constante proceso de redistribución das súas estratexias de violencia e dos seus mecanismos de represión, non só extensións teóricas dunha circunstancia de desenvolvemento do mercado dada. Como emprender unha topoloxía mínima das devanditas extensións non reducindo o seu carácter necesariamente ambiguo de presentación? Tendendo a resposta cara a un límite, este será escamoteado na súa formulación (imaxe-do-centro). Aparición e texto anteposto ao produto: todo discurso devén metafigura complicando un posíbel esquema de impredecíbeis ramificacións a través da emerxencia do seu emanciparse.

2

A razón que explica este veo é a imposibilidade de describir o vertixinoso proceso de fundación do suxeito que leva directamente ao Outro. Non é que o eu se revele como Outro (Freud), nin sequera que se leve sobre as costas unha multitude de cadáveres, senón que a propiedade do Propio desaparece. Os signos da inseguridade do lugar dan paso á dramática conciencia da súa indeterminación⁴. Este baleiro non é tal, é espectro en constante resituación/descomposición. O espectro no que ten lugar a cognición da identidade (indeterminación primordial) está no centro da antinomia lacaniana

⁴ Podería entón presentárselle, incluso ao neófito acostumado a non abrir a porta traseira da *sucesión lóxica dos acontecementos*, unha perspectiva da comprensión da orientación da historia literaria que afirmase que o seu proceso non se describe a si mesmo só como a ocultación das pegadas cara á cartografía da excepción xeocultural por moi inclusiva e braudeliana que se formule.

(*non-sens*)⁵. A ilustración da antinomia, do *non-sens*, pode desenvolverse nun primeiro nivel de conformación do signo/produto de conciencia/enunciante. Tendo sempre en conta que o vector da intersubxectividade tende a non verificarse en Lacan, tal é o prezo da identificación da non reconstruibilidade histórica do signo, onde se atoparía o punto xerador do vector da intersubxectividade (des-equivalencia)? A antinomia abre unha fin (comprensíbel desde un punto de vista de dinámica de produción cultural): a da entrada da excepcionalidade na perspectiva de evolución e o seu desdebuxamento como liña na asunción plena das súas excentricidades. Tales excentricidades (textos) deben ser lidas en tanto seleccións-de-consumo/actos-de-violencia que resituan en todo momento as súas claves operativas, o seu producirse e o seu lugar de incidencia facendo del unha unidade imposíbel, unha entidade irrecoñecíbel en base a unha substancia. A antinomia como parte fundamental de método concrétase no momento da inclusión de momentos posíbeis, as excentricidades das que vimos de falar, nun modelo non xa normativo e non xa descritivo, senón acumulativo de parámetros de consumo non sucesivos e sempre marginais. É o consumo o que produce violencia. Aínda así, pode que o centro dun dos termos da oposición [violencia] exclúa a nosa lectura do salto entre ámbito e suxeito –novamente entre a fundación da conciencia e a orientación cara á múltiple contemporaneidade dos factores de produción e consumo. O punto central da antinomia é un curto-circuíto da significación en tanto función da linguaxe humana: o *non-sens*, lugar sobre o que descansa a natureza alienada e alienante da comunicación (do escenario de factualización da imposibilidade da intersubxectividade). O paradoxo: *la bourse ou la vie!* A porta da linguaxe permanece aínda nun estadio previo á súa articulación polo que respecta o Lacan máis crucial (isto é, polo que respecta á imaxe Lacan construída como *desviación* dun relato biográfico en tanto signo consumido: o dos silencios heideggerianos, as gravatas de lazo ou a camisa de pescozo-Mao, o da ortodoxia e do cenáculo). Tal feito é responsábel de que a súa toma de posición ao respecto resulte inconclusa en tanto estática. E porén, sinala apropiadamente un lugar:

⁵ Tal formulación ten, a pesares do que semella, unha relación problemática con respecto á imaxe escolástica que o suxeito de formación intelectual media adquire do irracionalismo (correspondente grosso modo á vulgata nietzscheana europea previa á revisión levada a cabo por Hayden White e outros das categorías e do carácter de afirmación institucional da escrita histórica) e cos presupostos deste que co subtexto teórico das vangardas históricas poidan asociarse. Nin moito menos se trata de que o que Lacan vexa e estabeleza sexa a infranqueabilidade dos termos de oposición significado e significante, nin sequera en tanto trazos de si mesmos nos seus propios desdoubros opositivos respectivos. Máis ben dirixírase cara á inatopabilidade do lugar do significado.

L'aliénation a pour conséquence que l'interprétation n'a point son dernier ressort en ce qu'elle nous livre les significations de la voie où chemine le psychique que nous avons devant nous. Cette portée n'est que de prélude. L'interprétation vise pas tellement le sens que de réduire les signifiants dans leur non-sens, pour que nous puissions retrouver les déterminants de toute la conduite du sujet (Lacan 1973: 192).

14 No teatro das orientacións produtivas multiplícanse as antinomias: oposicións no nivel da fábula ou de carácter significativo entre as que resulta inconcibíbel a síntese. A antinomia é sempre un factor de recoñecemento dramático. Da paciente neurótica cara a (;regreso?) unha idea de sucesión equiparábel á narración bizantina. Tal camiño é indocumentábel –como principio– na súa formulación mesma. Non é que se trate tampouco de portar un valor de universalidade en tanto permanencia. Pero o que si está claro é que nel non funciona xa a dimensión histórico-referencial na que se atopaba instalado desde Hegel. A súa orixe non é o caso, a experiencia extraíbel dunha pantalla vista como estrada de dirección única como no relato breve do primeiro Freud. Prodúcese unha dilatación que ten que ver cun recoñecemento dos falsos obstáculos do típico exemplo socrático. Esta dilatación leva con ela un baleiro: o que non comparece [*la voie du manque*]. Na identificación final (frente a *non-sens*) ten lugar o achegamento: o Propio fronte a si.

3

A mímese en tanto proceso que se desenvolve cara a unha totalidade (non infinito) inclúe todo o relativo á polis. Réplica? O seu punto de exasperación teórica pode atoparse ben na marca de verdade material (proba), ben na non-productividade: o un ou o outro. Prescindindo momentaneamente deste paso xa comentado anteriormente, as reixas categoriais deveñen outras e a escrita disocia a literatura da súa especularidade permanente⁶. A súa imaxe non é xa o termo dunha oposición ou un extremo gradual (resulta claro que ambas as cousas non son o mesmo); mais se a institución inclúe e deglute o obxecto, os seus trazos perden o valor distintivo que antes tiñan no baleiro e en conse-

⁶ Tal sería, segundo determinadas figuracións medievais, a infinitude especular da divindade que, como superencarnación da súa natureza creadora (Narciso: mundo-referente-signo), reflicte a idealidade contida en cada cousa humana.

cuencia a idea de mesmidade desdebúxase. Xa nin á mesmidade lle sería dado permanecer en virtude do seu carácter de factor dunha estratexia determinada, por moi complexos que sexan os fíos relacionantes. O diálogo é situación que o devir desconxela (tamén pode ocultalo ou programalo, de feito é moi probábel que realice todas estas operacións de modo simultáneo); igual que sucede coa revolución en tanto resolución dun proceso histórico de loita de clases, non se trata dun destino irrevocábel. As formas de violencia institucional mutan orixinando novas formas de control e falsos panos de permisividade. Deberíamos sucumbir á constatación de que a institución “institúe” un principio inalterábel (non unha norma ou unha *medida preventiva*, senón unha dinámica de funcionamento no senso que dentro da óptica marxista podería adquirir tal distinción do discurso como necesario desafío de si mesma), un modo de permanencia ou de inercia de si mesmo? É así realmente? No ámbito dunha lectura de Foucault é así até un certo punto. Por unha banda o discurso (neste caso a literatura: obxecto de investigación histórica) estaría caracterizado pola súa dobre natureza na que conviven a especularidade ou obxecto-literario-como-portador-dun-falar-por-delegación e a súa posición de receptáculo do desexo, por outra, obedece a unha lóxica de expansión que nun momento dado debe ser sacada á luz e historiada. O obxectivo deste último proceso sería comprender que estaba en xogo no acto da enunciación e repensar a escritura histórica baixo o signo da inclusión. O problema de lectura que se nos presenta ante este esquema, no que a voz de Foucault nos envolve resolvendo en parte o problema da orixe, é que aparece brillante pero decididamente atrapado na linealidade da súa visión, na súa taxonomía. Hai máis dun texto programático de Foucault: sen dúbida a lección inagural que no Collège de France ditou o 2 de decembro de 1970 sexa un dos modelos máis afortunados e máis aprehensíbeis, encontrábeis e *escolares* do método que logo desenvolvería nas súas aulas⁷. Aparece o que segue: “Je pense à la manière dont la littérature occidentale a dû chercher appui depuis des siècles sur le naturel, le vraisemblable, sur la sincérité, sur la science aussi –bref, sur le discours vrai” (Foucault 1971: 20). Trátase dun apuntamento de grande intensidade aínda que, lamentablemente, extraordinario no ámbito da breve conferencia. Instante dramático –a piques de abrírlle a porta á demarcación dos límites (a poñer de manifesto a súa natureza xeocultural en tanto prolongación do espectro da súa inestabilidade) dun ámbito retórico específico, quizais véndose limitado en certo senso pola liña de contestación unidireccional, obvia,

⁷ Referímonos a *L'ordre du discours*.

sartriana, subordinante na que, como Deleuze, o autor recoñecía estar educado, pasa ao seu lado como por despiste. Ou peor, como se nada estivese en xogo nesta constatación; ou peor aínda, como se todo o que nesa constatación se xogase estivese enunciado na acepción máis obvia do control –na que non profundiza en canto a este punto, reducíndoa á simple constatación da incidencia do poder sobre un ámbito expresivo. (Aínda recoñecendo que as consecuencias non se verifican nun único movemento.) Non é, con todo, tan obvio. A consecuencia do desenvolvemento do nivel do discurso no que ten lugar a operación foucaultiana é que os límites do fenómeno non dan lugar a experiencias de interposicionalidade e conflito, senón de arbitrariedade selectiva. Tal arbitrariedade pode ser asimilada como imaxe de discurso que pon en cuestión a idea de verdade e polo tanto, mentres coa sinistra alimenta cartesianamente esa idea, coa destra a problematiza. *Oublier* Foucault, en tanto suxeito dunha achega de método, levará a desafirmar os catálogos tan propios de Badiou e outros, aceptar a limitación vectorial da súa dialéctica do discurso e, sobre todo e máis propiamente, habilitar espazos que preparen a desalienación, a des-escritura da oposición do eu cara ao eu, e inclúan a indeterminación parcial como factor/estratexia de exposición. Deste xeito, as coordenadas espazo/lugar inclúen o Outro e se desnarran cando non se desordenan ou obedecen a disposicións alternativas con respecto ao suxeito, ou pasan a ser consideradas instante e lugar de si mesmas dando lugar a un colapso de linguaxe que permite poñer en evidencia o espectro do Outro, a imaxe ilimitada e imprevisíbel da súa ausencia.

4

No percorrido inicial pola alienación como factor produtor de texto tere-mos en conta un último dilema, un dilema que remite non tanto á propia natureza da alienación como á súa posición con respecto a unha posíbel desalienación ou posalienación, isto é, á posición do mesmo concepto (de alienación e do aparato metalingüístico que esta xera) nun tecido ao que nos referiríamos como histórico. Para o desexo como motor da incontentabilidade do suxeito consumidor? De onde cara a onde resulta ser produtiva tal imaxe de pensamento? Onde vai parar a alienación en todo isto? E, sobre todo, se desaparece a alienación, que queda no seu lugar? A resposta fundamentada na sospeita parece ser clara. Fruición, obsesión táctil (posesión?), saturación do consumo alén das propias capacidades. Tales modos caracterizarían un capitalismo en

plena expansión xeocultural, á vez espectacular e relacional. A relacionalidade transforma o propio obxecto da escritura e o fai ser en todo momento transversal con respecto ao acto do seu consumo en tanto acto non definíbel xa dun modo claro e con respecto ás súas posibilidades referenciais (consideradas no seu centro ou no seu límite). Fluidez e desprazamento comunicativo que adquiren un papel de extraordinaria relevancia na destrución dun universo de oposicións no que os signos do privado debeñen públicos, no que a categoría sempre movediza da sedución é substituída polo porno, o abismo da visibilidade tal como o entendeu Baudrillard:

Nous ne sommes plus dans le drame de l'aliénation, nous sommes dans l'extase de la communication. Et cette extase est obscène. Obscène est ce qui met fin à tout regard, à tout image, à toute représentation. Il n'y a pas que le sexuel qui devienne obscène, il y a aujourd'hui toute une pornographie de l'information et de la communication, une pornographie des circuits et des réseaux, des fonctions et des objets dans leur lisibilité, leur fluidité, leur disponibilité, leur régulation, dans leur signification forcée, dans leur performativité, dans leurs branchements, dans leur polyvalence, dans leur expression libre...
(Baudrillard 1987: 20)

Do drama da alienación cara á extase da comunicación perdería porén a reflexión o centro do movemento dialéctico que leva implícito. O interrogante que se abre aquí non é pequeno: adquire definitivamente a alienación o valor de achega terminolóxica de carácter descritivo dirixida a un lugar superado ou ben a estratexia do centro (do Propio, neste caso específico, o que non é dicir pouco) conseguiu un lugar de desestabilización máxima, de excitación máxima que leva os trazos da alienación cara ao seu límite, cara á súa especificación máxima que é á vez o principio do seu deixar-de-ser en tanto circunstancia histórica? Acabou a alienación en tanto tal, o ser-alienado, ou acabou ela con nós? (Trátase dunha cuestión de máxima urxencia desde o momento en que continuamos a atopar a necesidade de empregar imaxes/categorías como *suxeito* e *alteridade*). En realidade non atopamos que exista a mínima proba da concreción dun estadio comunicativo que corresponda á inoperatividade da alienación. A non ser que pretendamos definir como comunicación a multiplicación exponencial de imaxes dun obxecto dado, a non ser que sigamos a contemplar un estadio positivo acadábel do consumo do que poderíamos dar conta idealmente a través dun adxectivo (*comunicativo, razoábel, humano*, etc.). Por outra banda pode ser de capital importancia a lectura crítica da alienación nos termos nos que Baudrillard a sinala periclitada para o desenvolvemento da

linguaxe comparatista. Así, a tese de que á fin da alienación sucédelle a saturación da alteridade, ten un valor de campo de probas para a comprobación da súa sobrevivencia. En realidade tamén a esta dialéctica de razoamento sobreven a tese ou cuestión da nostalxia polo tacto do misterio ou quizais, aínda, do sagrado⁸. Hai algo que se nos escapa sempre aínda no Propio, é a súa fundación na escuridade do Outro, nunha consciencia que de si mesmo expulsa nun impulso que ten obxecto a ambivalencia da certeza, da finitude. A linguaxe comparatista experimenta a alteridade, á fin, como algo máis que un límite, como proxección sobre un motivo que se repite en sucesión de variantes da súa centralidade non especularidade.

5

O vello soño de Goethe dunha literatura mundial [*Weltliteratur*] baseada en principios de validez universal e intemporal merecería, como concepto precursor das primeiras tentativas metodolóxicas do comparatismo e lugar común do desenvolvemento da disciplina, unha revisión por parte de Étiemble (1974: 15-36) que nos servirá á súa vez para introducir a nosa posición xeral con respecto ás categorías das que parte o autor francés na súa análise –transversal– do fenómeno literario. A pregunta que se nos formula semella ser a seguinte: salvada a infinita confianza no sistema de valores burgueses e civilizados do autor do *Divan*, que cabe pensar da formulación da *Weltliteratur* e da súa persistencia? Sabido é que as análises realizadas na órbita académica da antiga URSS (Mukaovski, Bercizk) do fenómeno literario teñen posto en corentena a ecuménica inocencia da proposta: trátase dun concepto subordinado a unha idea eterna do belo e, en última instancia, ao movemento de ascensión e consolidación da burguesía no occidente europeo. (Nesta liña de análise semella

18

⁸ O que por outra banda era atopábel en páxinas dun pensador tan fascinante como Pasolini. Diremos de paso que a mesma nostalxia leva a algúns a deplorar das formas expresivas que nunha especialísima dialéctica histórico-estética adoptara o modernismo en defensa dun escaso igualitarismo pragmático (vertical). Os mesmos condenan e practican a ironía como unidireccionalidade. Os mesmos alimentan o lugar crítico común, por non saír do exemplo xa empregado e poñendo un exemplo de total concreción, de que os dous primeiros filmes hiperrealistas de Pasolini son o cumio da súa obra desactivando a elaboración (a radical des-alienación) das súas propostas posteriores (*Teorema*, *Porcile*, *Salò o i 120 giorni di Sodoma*) de xeito que potencian unha certa idea de canon nacional e asumíbel, de *concentración* estético-moral alén das ideoloxías (non debe un perderse os elementos *ducescos* de tal liña de valoración). Tal parece suxerir a inclusión precisamente do filme *Mamma Roma* nas edicións restauradas da Mediaset Colección, a historia berlusconiana oficial do cinema italiano.

claro que tras a Revolución de Outubro a *Weltliteratur* tería sido superada por unha noción de literatura humana na que os valores burgueses e o propio concepto de clase terían sido superados⁹, así se expresan a meirande parte dos teóricos deses anos e tal sería o esperábel da aplicación da teleoloxía histórica establecida por Marx). Ter superado, porén, o establecemento dun punto de partida que ten en conta o feito incontrovertíbel de que se trata dun “produit de la conscience bourgeoise à l’ère du libre-échangeisme”, non nos leva a comprender a verdadeira extensión na que se realiza a idea. A cuantificación da pluralidade espectral do concepto excluíría a distinción entre unha realización plena e positiva da *Weltliteratur* e a planificación canónica e excluín-te da mesma, como se unha circunstancia non levase á outra. O desafío inherente ao desenvolvemento do concepto como plan cultural conduce directamente cara á proposta do autor húngaro Hugo von Metztl, discípulo de Goethe, quen prescribía un *Dekaglottismus* de linguas civilizadas/metropolitanas (alemán, inglés, español, holandés, húngaro, islandés, italiano, portugués, sueco, francés e latín) ao que se opoñía o conxunto restante de linguas vehiculares, *Volkslied-Literaturen*. Resulta inxenuo afirmar que o lugar de pensamento establecido por Goethe é inocente (como se nesta categoría estivese en xogo unha verdade incontrovertíbelk ou polo menos un dato de interese inaprazábel)¹⁰. En primeiro lugar porque a lóxica da dialéctica sistémica exclúe as lamentábeis posicións valorativas nas que tan frecuentemente cae o autor. O concepto da *Weltliteratur* colócase no centro dun devir complexo: no sentido dunha dialéctica non da acción senón do pensado (Gadamer lector das diverxencias entre Platón e Hegel) e no sentido de que os sistemas que se implican

⁹ Non poderíamos aquí non citar as palabras do arquitecto de Outubro, Leon Trotsky (1969: 126), quen tivo tempo para adicar algunhas das páxinas máis interesantes que se teñen escrito sobre o fenómeno literario desde a praxe marxista: “De donde hay que concluir la consecuencia general de que no sólo no hay una cultura proletaria sino que nunca la habrá y que en realidad no hay motivos para sentirlo. El proletariado ha conquistado el poder precisamente para acabar para siempre con la cultura de clase y para abrir paso a una cultura humana”.

¹⁰ Para logo deixar caer dun xeito notabelmente tramposo que a culpa que tería Goethe nas teorizacións ulteriores por autores que se colocasen á súa sombra sería análoga á que tería Marx do estalinismo. Aínda no caso de que quixésemos caer conscientemente na trampa de aceptar que a supresión do metarrelato como lugar do que procede a circularidade lexitimadora do discurso moderno afecta por igual e, sobre todo, coas mesmas consecuencias a unha categoría estética que a todo un corpo de obra filosófica, científica e política (atendemos aquí á distinción dos tres discursos de Marx que establececeu Blanchot e que recuperaría Derrida máis tarde), nin a esquerda máis posmoderna podería aceptar que as distancias respectivas entre un discurso de fundación da estética burguesa (e por tanto dunha forma de superestrutura afirmadora do capitalismo) e un discurso de abolición do capitalismo e da sociedade de clases e as súas refraccións son equivalentes sen comprometer a súa dignidade intelectual.

neste devir incorporan á súa vez a excentricidade dos seus movementos particulares¹¹. A lóxica dun deseño de expansión centrífuga levaría á imposición dos valores estéticos propios da *Weltliteratur*: a expresión en termos xeoculturais do movemento que vimos de apuntar. O centro irradiador crea e instaure unha imaxe do aceptábel, o admirábel e o moral [*sittlich*, categoría recalcada por Goethe en diversas ocasións, circunstancia que sería advertida e deplorada por Nietzsche]. A constatación de que as bibliotecas ideais e coleccións de títulos de lectura fundamental elaboradas en Occidente inclúen a Sully Prudhomme, Dickens ou Lope e non os *Ise Monogatari*, a Cao Pi ou a Aimé Césaire é a proba para Étiemble da sobrevivencia do soño goethiano. Era Goethe máis benévolo ao observar as novelas e poemas chineses dos que tanto gustaba cos óculos das súas coordenadas vitais precisas? A persistencia dese soño como imaxe obtusa foi obxecto de disección xa por parte da teoría post-colonial. A narración netamente política da outridade non aparece en Étiemble. Ese é o outro gran problema da súa proposta comparatista de revisión crítica da *Weltliteratur* e ten que ver, igualmente, coa súa probada imposibilidade de comprender os fenómenos que sinala en termos de fenómeno xeocultural e sistémico. Se desde unha óptica determinada “la *Weltliteratur* n’est guère qu’une mise en valeur des idées bourgeoises et des valeurs chrétiennes”, entón, non resulta imperativo desactivala desde unha estrutura metodolóxica de máis peso que as anotacións do *flâneur* á vista do escaparate que opina e establece vencellos, ás veces imprecisos, ás veces descoidados, ás veces perigosamente incautos, entre fenómenos ante os que reacciona dun xeito asistemático aínda que entusiasta como a curiosidade dos antigos viaxeiros europeos ou, novamente, de Goethe? A resposta afirmativa a esta pregunta admite unha conclusión necesaria que dominará a nosa lectura do importante exercicio de transversalidade que supón a obra da que nos estamos a ocupar: a verdade é que o discurso de Étiemble resultou eficiente e desafiante á hora de denunciar a necesidade do comparatismo europeo de ler os sistemas literarios outros, porén, foi incapaz de canalizar epistemoloxicamente, en liñas xerais, a intuición da que partía. Así, esa impresión primeira non lle serve para acceder a un coñecemento que

¹¹ Dentro das normas de xogo nas que se desenvolve o mesmo autor e no seu interese polas observacións críticas de carácter valorativo, cando non abertamente subxectivo, debe sinalarse, ao lado das xa mencionadas excentricidades, a distinción da literatura francesa como a única das narracións fortes que non conta cun soporte firme en forma de suxeito referencial (Dante, Cervantes, Shakespeare ou Goethe), circunstancia compensada pola súa regularidade cualitativa. Nin que dicir ten que estas liñas argumentativas embazan a obra de Étiemble xa que obvian o carácter de planificación da fundamentación categorial do seu discurso e non se achegan á importancia das relacións dialécticas entre o mesmo e os factores institucionais e as relacións de produción.

prescinda do valorativo nin, e sobre todo, para investigar as bases dese diletantismo que o leva a xulgar que as novelas chinesas, na lectura das cales Goethe fundamentou boa parte do edificio metodolóxico da súa *Weltliteratur*, son mediocres. Incapaz de comprender que o que metodoloxicamente estaba en xogo non era a mediocridade ou non desas novelas¹², incapaz de interrogar o que esperaba Goethe desa lectura e sobre que pretextos a fundamentou, tal é a constatación que nos leva á sobrevivencia da *Weltliteratur* en formas de alienación xeoliteraria que impiden que a narración devese transparente.

6

As páxinas que Etiemble dedicou á práctica da crítica literaria (1974: 258-282) resultan un perfecto complemento á anterior reflexión establecendo definitivamente a posición do autor na súa escrita desde e sobre coordenadas do discurso valorativo. A forma deste discurso que asociamos á denominación institucional *crítica literaria* está necesariamente asociada na esculca do noso autor á expresión de bo gusto mundano, exercicio de agudeza e aplicación dun coidadoso sistema de orientacións individuais (que non son outra cousa que o paroxismo correspondente ao desenvolvemento pleno da primeira das características). A extensión do último destes criterios sería o punto de desestabilización da taxonomía no que se advirte a confusión entre a categoría do escritor e a do crítico. (A investigación que o levaría ao outro lado da produción dos textos, no exterior do espazo delimitado pola circunferencia comunicativa, está moi lonxe dos intereses de Étiemble). O punto, con todo, no que se establece a imposibilidade da intersección das categorías de escritor e crítico é a individualidade. O escritor sacrificaría a sistematicidade do xuízo no hiperdesenvolvemento dunha individualidade que lle impide a lectura de parámetros de xenialidade alleos aos propios¹³. O centro da posición da escrita de Étiemble desvelaríase na importancia que concede ao misterio detrás do cal a

21

¹² Novelas ás que, por certo, non aclara se se achegou en tradución, o que é, a fin de contas e a pesar da permisividade que o discurso comparatista loxicamente se concede neste terreo, non carece de relevancia. E sobre todo resultaría importante sabelo xa que Étiemble non concede ningunha importancia á produtividade das traducións en base ás cales tería sido elaborado o lugar da *Weltliteratur*.

¹³ A excepción que Étiemble propón é Balzac, xa que tería enxalzado *La chartreuse de Parme* e condenado a mediocridade de *Hernani* (probas suficientes da súa infalibilidade). En que factores se basea a seguridade do xuízo crítico e o seu acerto? Non, desde logo na ollada heterodoxa que ilumina o lector incauto noutras pasaxes da obra, hai unha *alternativa* canónica e conciliadora presente en Étiemble que se evidencia neste tipo de adhesións a puntos específicos da liña narrativa que el

crítica se oculta a si mesma. De que xeito neste desvelamento ideolóxico se evidencia unha conciencia de lugar? O volume refírese á *imposición* dun sistema/método/horizonte previo á construción do discurso concreto: cos mesmos argumentos son rexeitadas a crítica marxista, a psicanalítica e, con especial virulencia, a *nouvelle critique*, as tres contan con mecanismos de pre-lectura que teñen como centro de gravidade a visión extratextual (crítica marxista ou freudiana) ou certos principios textocéntricos e restritivos (*nouvelle critique*). A través desta liña o autor reafirmase na mesma lóxica de expansión xeoliteraria centrífuga á que antes nos referimos e á que responde, en última instancia, o seu interese polas sucursais estranxeiras do simbolismo francés. O artellamento da reflexión responde a un modelo de discurso sobre *literatura influente* no que a posición do autor como suxeito da narración é ocupada agora por unha máis volátil categoría, o movemento. Tal orientación de estudo non resulta irrelevante agora, baixo a luz do lugar. Tampouco a subrepticia reafirmación da centralidade canónica do *clarividente* Balzac. Os ataques á crítica freudiana, marxista¹⁴ ou á *nouvelle critique* adquiren todo o seu sentido como ataques a sistemas importados.¹⁵ Conclusión provisional? Ante un Goethe olímpico e á vez signo do librecambismo, Étienne móstrase máis ben sorprendentemente partidario do proteccionismo.

22

mesmo axuda a poñer en cuestión afastándose da súa orixinal e provocativa orientación. Nunca poderá, a respecto diso, obxectarse que a filiación balzaquiana neste punto pretende dirixir unha ollada marxinal e anticanonica cara ao obxecto privilexiado. A formulación, aínda que paradoxalmente sustentada sobre unha argumentación que ten o valor da excepcionalidade como punto central (en realidade o carácter de excepcionalidade das grandes individualidades do xenio será un concepto crítico que o modernismo herde dos románticos), remite á topografía do modelo.

¹⁴ Convén dicir que Étienne reacciona ante os excesos de Freud e as aplicacións nesgadas de Marx, pero unicamente e de xeito tramposo ante as proxeccións discursivas de vía estreita. Ao medir as posibilidades de ambos os sistemas pola parte estreita do funil, falsea o obxecto e vicia desde o principio a estrutura argumentativa. (Pensaría quizais que Benjamin era un marxista episódico, como quería Hannah Arendt, e non entra na categoría do mesmo xeito que a norma que establece que os escritores son malos críticos resulta invariabelmente infalíbel excepto á hora de xulgar a Balzac? Non resulta esencialmente reaccionario pensar que a crítica marxista serve para xulgar só os que o volume considera autores de consumo (p.ex., Françoise Sagan) opostos a quen desde o canon, que xa é unha adhesión máis que xenerosa, mesmo para un francés, ao discurso lexitimador ilustrado-moderno, "récitant l'homme entier: sauvage et civilisé, blanc et noir, noble et routier" (197: 272)? Non resulta pueril sinalar como argumento que desde puntos de partida semellantes no ámbito socio-económico autores da mesma xeración desenvolvan posicións ideolóxicas tan diversas e diverxentes? Marx non era mecanicista nin dogmático, por que tan a miúdo os seus lectores si?)

¹⁵ Hai demagogia nesta afirmación? En absoluto. Queda claro isto cando lemos como Étienne deplora que os autores franceses non noten que a crítica marxista emprega os mesmos instrumentos de análise que o escasamente lido Gustave Lanson (o que supón unha incompreensión fundamental de boa parte do establecido por Marx, xa que este propuxo variábeis dinámicas fronte aos estáticos factores ambientais lansonianos) ou que descubran os principios do formalismo en teóricos rusos cando estaban formulados por escritores/teorizadores da práctica do esencialismo literario como Mallarmé ou Valéry (o que notaría nun contexto diverso Paul de Man).

Até aquí observamos no diálogo con Étiemble dous lugares non necesariamente identificados con momentos dunha dialéctica que corresponden á lectura de afirmacións de método previas: unha categoría específica e un lugar institucional no que o carácter non baleiro da produción é transparente. A non consecución da transversalidade do proxecto comparatista que funda, adquire toda a súa significación nas olladas ao contraste non explícito, exposto como “vue généraliste”, no que pretende ser o trazado dun sistema literario: o francés (1974: 287-309).

As diferencias cualitativas entre esta investigación e a que terá por obxecto outros sistemas por parte do autor no mesmo volume (p.ex.: o filipino, obxecto doutra “vue généraliste”) serán a medida da non consecución dunha linguaxe que respecte a transversalidade: esixindo desvelar os sentidos sucesivos dunha conciencia de antinomia de xeito que fose formulada como a fundación dun horizonte de cognoscibilidade institucional do Outro (permitindo o desenvolvemento dunha narración da outridade e problematizando a narración do Eu/Propio). Esta é a mínima expectativa dunha literatura *verdadeiramente xeral*. A dinámica de lugar que institúe o volume é distinta. Persiste Étiemble nunha descrición polarizada nos termos do Propio e do Propio-conxugado-como-defectivo, porén, e tal circunstancia debe sinalarse para rematar de trazar a súa estratexia de lugar. O único relato é o que corresponde á tradición literaria francesa. Na súa caracterización complétase o sentido da defensa dos patróns do comparatismo de Goethe e da necesidade dunha apertura formativa do alumno a mundos afastadísimos (cando contestaba ás redutoras e sucesivas enumeracións de obras mestras fundamentais da historia da literatura); ningunha desas chamadas de atención vai dirixida cara ao modo discursivo da alienación comparatista en tanto tecido de opcións actualizadoras da produción, de opcións que fan que a produción xa nun principio non sexa un suxeito baleiro. O modo de produción crítica do comparatismo neste volume limitaríase a sinalar a distancia entre un xuízo de valor *afortunado* (o acerto: Balzac) e un xuízo de valor *desafortunado* (o desacerto: Wordsworth, Sainte-Beuve). (Nin sequera a linealidade da visión retrospectiva lle serve aquí de axuda). Incapaz de producir teorías da outridade cara ao consumo, o logro de Étiemble será unha apertura de canon, nunca unha revisión dos valores de construción das categorías da tradición comparatista como espello do Propio, nunca unha posición de enfrontamento coas limitacións do Propio e das posi-

bilidades, imposibilidades ou necesidades do mencionado enfrontamento. Dito o cal semella sinxelo adiviñar as conclusións da contraposición non explícita entre o Propio e o Outro. Francia está caracterizada por contar cunha tradición que se estende desde o Medievo (no que o autor prefere considerar unha unidade francesa que asumiría a produción do actual dominio occitano) até os nosos días, dun centro (a Francia coas limitacións internas que son de todos coñecidas) cara a satélites ou sucursais (Bélxica, Luxemburgo, a Suíza francófona, Quebec, as Antillas, o Magreb) caracterizada pola súa vocación enciclopédica, pola liberdade de pensamento e de expresión, por unha expresión nacional cuxos valores se elevan á categoría de *universal*, pola permeabilidade combinada coa extrema fortuna exportadora. Os movementos son sempre susceptibles de verse como a realización dun modelo circular no que a atención polas particularidades dos satélites retrotrae a ollada do investigador cara ao centro cunha insistencia sempre renovada. (A que Arcadia se remiten as características que Étiemble asocia á literatura francesa? Que elementos da infraestrutura inciden desde a oblicuidade do exterior da esfera do produto sobre o seu discurso?) Despois de constatar que a *Nouvelle Revue Française* aparecía como *télos* do plan trazado (escribir para o *home?*), a ollada a outros sistemas literarios non depararía sorpresas, aínda cando lamenta o non desenvolvemento dun *sistema propio* (novamente Filipinas). O certo é que ao falar dun sistema propio, o autor fai referencia a un sistema estético de valores como os que el traça para a literatura francesa. Un sistema de valores desenvolvidos pola propia actividade produtora de textos que emerxese de si mesma en forma de voz no concerto da literatura mundial: o que se pretende cando se certifica a necesidade do típico como valor do sistema emerxente non é dicir nada esencialmente distinto dunha proxección.

8

É unha completa vulgaridade buscar un erro de base que desbote toda unha investigación, e máis cando se trata da que corresponde á obra de Earl Miner. E con todo é imposible negar que deste autor se desprende non pouco da idea da xordeira categorial: a do mesmo incumprimento da transversalidade, a da falsidade do universal, a do relativismo especular. En realidade Miner representa a última consecuencia da sistematización do autor que vimos de analizar anteriormente. A transpolación de categorías non é xa como en Étiemble un exercicio de agudeza dirixido cara á benevolencia dun consumidor que men-

tres se comprace de saber que tras a literatura filipina se ocultan os mesmos valores *humanos* que tras a obra de André Gide, se preocupa porque aos responsábeis dos programas concernentes aos estudos literarios das universidades europeas non lles interesa gran cousa a produción dos escritores alén das súas fronteiras (máis ben interésalles apuntalar os límites polos que o seu discurso de lexitimación se desborda), pero finalmente se reconforta sabendo que Raymond Quenau le textos budistas. O sistema exorciza sempre dalgún xeito as súas pantasma. A proxección comprensiva é moi clara. Miner pretende deseñar a través da comparación de poéticas unha matemática da literatura non en tanto expresión de sistematicidade irreversible, senón en tanto operación que fixa un número finito de invariantes que permitirían unha análise de toda situación de comunicación literaria, cando menos de toda situación literaria coñecida até o momento. Tal é a proposta do comparatismo mineriano, é obvio que seguidamente sobreviría o *tertium comparationis*.

It is therefore useful to make elementary distinctions between that work which is wrought by a poet and that poem which is made by a reader. In brief, we have a simple, invariable pattern.

Poet
Work
Text
Poem
Reader

25

At either end are the human agents. We next have what is know and, at the textual center, the means of knowing (Miner 1990: 16).

Obviando o feito de que o mercado no que tal proposta se desenvolve sería o baleiro, o seu problema é que reduce o acto de consumo e os seus factores a un número mínimo cando toda descrición comparatista debe ser inclusiva por definición, dado que os termos que se usan nunha proposta deste tipo proveñen dun sistema que lles outorga un valor determinado, que se proxecta dun modo insalvável sobre o seu consumo ou sobre o seu valor de sobreprodución. (Imposíbel de obviar en beneficio ningún proxecto de converxencia por moi benignamente que se formule ou por ningún salto de fe filoestructuralista). Outro sistema pode coñecer modos alternativos de actancialidade ou deseños comunicativos opostos á mesma. O certo é que a introdución de variábeis como a oralidade ou principios xeradores do feito literario distintos á mímese causan problemas graves nesta concepción. A razón é que o seu deseño remi-

te a un rexistro limitado que nin sequera esgotaría o dominio xeocultural do que procede e que produce xa constantemente alternativas á actancialidade na que nace instalado e que en última instancia sinala un límite despois do cal non pode existir nada máis que inquietude.

O termo da comparación que sobrevén xerado polas poéticas (polas definicións de principios dun determinado sistema) é o propio xénero, é este o punto ao que o autor chega: “A few are orality vs. literacy, religious vs. secular, and drama vs. lyric vs. Narrative” (Miner 1990: 22). Das tres oposicións de consumo é a última a que se desenvolve como punxo de establecemento teórico. A pregunta é obvia: como un punto de fundación da teoría literaria occidental contemporánea poden converterse nun punto de fundación da poética da outridade?¹⁶ A consideración histórica da chegada ao lugar común da tripartición non pode ocuparnos agora porque non é o verdadeiramente relevante. O relevante é a estratexia xeocultural que a establece como alén da súa propia fundación, a da farsa da orixe. Non cabe dúbida de que o proxecto que subxace segue a ser o da castración da alteridade: o Outro é eliminado non xa a través dunha realización asistemática e valorativa do Propio, como sucedía en Étiemble, senón a través dunha ollada que pon en xogo os principios da súa taxonomía até as últimas consecuencias da mesma; non é que Miner realice sistematicamente o proxecto de Étiemble, senón que ambas son variantes xeográficas e demostracións institucionais do mesmo radical de dominación: unha francesa e ensaisticamente intuitiva, outra anglosaxona e orientada ao comentario. Debe ser esta diverxencia a que ocupe a investigación comparatista. No seu desenvolverse maniféstase o propio do discurso do método da comparación de poéticas: a súa intelixente capacidade de lectura e o esforzo de establecemento dunha tabula rasa que sirva para a intercomprensión, o miserábel do seu fracaso (a vulgaridade dos universais cognitivos que propón como o feito de que os seus estudantes identificasen a escena entre dous amantes coa lírica, inducidos polas teleseries que seguramente seguían cando deberían estar lendo a Milton). Merece este paso un momento de atención:

Students quickly identify a still scene from nature or a lovers' embrace as lyric (“presence” and “intensification”, “matters of moment”). They will identify a defined area with people actively interinvolved as drama (“estrangement” and “engagement”, “make-up”). And they will identify what seems

¹⁶ “They include drama, the foundation genre of western poetics and no other. They include lyric, the chief foundation for other poetics” (Miner 1990: 216).

to go on as narrative (“continuum” and “fulfillment”, “movement”). Because these are conceptual, cognitive matters, it is possible to get students to change their identifications. When asked to imagine what happened after the scenes they identified as lyric and dramatic, they will reidentify them as narrative (Miner 1990: 218).

A proba é errada porque segue a ter como obxectivo o establecemento do xénero como universal de partida e, como elemento xerado pola matemática da literatura, como elemento falsábel partindo de universais cognitivos. Non é que tales universais sexan sinxelamente susceptíbeis de seren postos en tea de xuízo. É que tales universais xa non funcionan nin sequera no ámbito do seu desenvolvemento. Todo o máis, serían o lugar dun xogo de linguaxe que pertence á proxección de si mesmo sobre o nivel da súa praxe e ao revés. Aínda que xogue con ela, aínda que estea disposto a mostrarnos até certo punto a súa problematicidade, Miner apuntala as categorías tripartición xenérica da literatura occidental. As circunstancias produtivas doutro lugar dan lugar de feito a codificacións das que non xorden abrazos de amantes ou xente interactuando nun espazo, senón quizais códigos vivos que non terían que desafirmar a presenza ou as limitacións para desenvolvérense ou rixideces institucionais que expresarían espectros que negarían a relación entre Du Fu e John Donne. Afirmar a necesidade de universalizar os motivos xeradores dos xéneros sería como pretender o que a teoloxía baixomedieval que adxudicaba case indefectiblemente o inferno a todos os que nacían afastados temporal ou espacialmente do momento e lugar de implantación do cristianismo. Dante empregou todo un canto no Paradiso para intentar explicar isto para acabar resolvendo que un home non pode ver o que a divindade ve, será que Goethe, Étiemble, a ICLA e Miner ven cousas que ignora o Outro e que finalmente este é lexíbel só encaixando o esquema do Propio cun martelo?¹⁷

27

9

Para un achegamento ao Outro non basta a renovación de *loci* produtores, promesa repetidas veces incumprida e tantas veces resituada. Necesitaremos

¹⁷ A pesar de tantas cousas e paradoxalmente, o declaradamente idealista e anticomparatista, ancorado nun canon eurocéntrico e fillo do romanticismo Benedetto Croce desenvolveu, nalgúñas páxinas marxinais, un concepto do xénero máis partidario do relativismo e audaz, aínda que ao final atribuíse notábeis marxas á “intuizione artistica” (Croce 1990: 222), que o de Miner.

interrogarnos de aquí en diante sobre o lugar de discurso que esa promesa representa e sobre cales serán os conflitos inherentes á súa vectorialidade institucional. Cara a onde vai o discurso comparatista nos lugares onde tal discurso ten lugar como fin. O lugar presentará dous accesos a novas formas de conciencia de alienación. O primeiro será a afirmación do falar subalterno, o proceso do seu desenvolvemento está sendo establecido como redefinición. O segundo, aínda en vías de desenvolvemento, entra en relación coas propostas de descolonización do Propio como as levadas a cabo por comparatistas como Armando Gnisci. Ambas direccións atoparán o sentido da súa continuación.

10

28

A universidade establece un particular estatuto da ficción como des-condición de circulación comunicativa primeira. Isto débese á non menos particular habilitación que o sistema lle concede como lugar preparado para discutir desde/cara a posicións de notábel marxinalidade. Se a universidade debe prepararse para aceptar a espectralidade do seu lugar, debería estar preparada tamén para acoller o Outro de xeito que se exerza unha violencia auténtica sobre o sistema de categorías que a institución alimenta. Unha universidade sen condición [*sans condition*] fórmulase como lugar-cara, non como instancia utópica. Non á marxe do poder económico e dos estados que cada vez máis febelmente o representan. Senón sendo ela mesma transversal con respecto aos mesmos, abrindo vías de verdadeira comunicación alternativas a un sistema de explotación intelectual abandonado cada vez máis na súa dirección de entropía discursiva¹⁸. (A universidade claramente non tirará, a todo isto e engandido á súa posición enfeblecida, pedras contra o seu propio tellado: non mentres pode conformarse con alzar o seu canto de ciencia antiga que acabaría o seu ciclo apagándose vixiante nun principio e finalmente benigna). O lugar esperado da universidade na súa dobre capacidade de dar lugar e dar voz será definirse aínda evitando a falsa polaridade do valorativo ante a crise do modelo dos estados-nación e o desafío da equívoca transversalidade que supón

¹⁸ Se ben as proclamas de Derrida sobre a necesidade de incluír no desenvolvemento docente de cada disciplina o acto de historiar a súa dialéctica histórica chegaban xa no seu momento revestidas de certa obviedade, non debiera ser desoído o seu senso de proposta de método radical que ten como obxecto a desacralización do ámbito comunicativo que lle é propio.

o fluído de capitais provenientes non xa dos mesmos. A incondicionalidade imporíaa a inclusividade como *conditio sine qua non* dos plans de estudos en materias literarias, como principio dun deseño xeocultural non concéntrico. Sería esta inclusividade a encargada logo de afrontar a problematicidade inherente ás súas propias circunstancias de desenvolvemento, de des-narrar o senso da institucionalización e supervivencia dos principios da universidade kantiana-humboldtiana: rompendo coas dicotomías de pensamento (escolástica do signo) que se suceden dos mesmos e establecendo un valor non previsíbel da súa extinción. Antes de nada será transversal a unha separación de disciplinas que non é outra cousa que un artificio de linguaxe baseado nun referente puntual (hoxe superado) que remite en última instancia ao pano reversíbel dunha parodia, dun falso *coma se*. Así, encarnará (outorgará corpo) a promesa da máxima discutibilidade, da máxima sospeita devolta ao seu radical de imposible afirmación. Podería este ser un modelo formulado como cara a unha universidade da non-dialéctica da ida e volta da falsación de modelos entre ela e os seus ámbitos de acción discursiva, cara a unha universidade que se exerce a si mesma na súa exterioridade e devén, de xeito permanentemente conflictivo, o campo de probas necesario do comparatismo.

29

En tanto lugar de dar voz, a universidade des-narrada (situada cara-á-incondicionalidade) deberá darse voz a si mesma, isto é, lonxe da retroalimentación e da circularidade que se presupón ás condicións de ficción do discurso emitido pola universidade, deberá dar a voz á súa infinitude de diferenciais en tanto suxeitos constituíntes. Nunha universidade do disenso poderá falarse por primeira vez do peso específico que as súas condicións de produción de discurso producen sobre os momentos de delimitación das facultades do falar comparatista en tanto liña non histórica. Tal universidade, en fin, daría lugar a un discurso radical de desopacidade do encontro co Outro aínda dada a imposibilidade da súa articulación completa e por tanto mínima, fundamentándose aínda dun xeito máis precario sobre a especulación dese encontro. A explotación do lugar de discurso acadado non é nunca improdutivo¹⁹, sempre que resolvamos onde non se establecería o lugar dunha lectura que activase a posibilidade dun terrorismo metodolóxico e a exerzamos. Toda investigación nova no ser radical do Outro debe observar o suxeito da alteridade (non só, pero tamén en tanto implicado no proceso que dá lugar á fala do Propio, á fala

¹⁹ A un primeiro estadio desta explotación corresponden as obras de Étiemble e Miner: sería este o da xordeira categorial.

do Propio en tanto pluralidade da propia articulación da fala dos actantes que están academicamente en xogo) non como espello trucado de si. Os estudos poscoloniais responderían, sobre todo se temos en conta que un paradigma metodolóxico non é outra cousa, propiamente, que o reflectirse dunha certa toma de posición académica que á súa vez veríase identificada coa obsolescencia da liña argumentativa coa que a mesma se relaciona, dun xeito satisfactorio á pregunta de qué está en xogo nesta subalternidade, entre outras cousas. Novas achegas responderían eventualmente ao radical sucesivo das distancias entre o Propio e o Outro, dando lugar en tanto producidas por unha universidade transversal con respecto a si mesma a lecturas que situen os sistemas/aparatos terminolóxicos producidos nun lugar diferente do que está. Esta investigación sería de radical importancia no desvelamento da proxección da alienación, do *Anschluss* retórico que como ansiedade de converxencia lle impide ao comparatismo acceder á promesa da alteridade.

11

30

A case infinidade metarretórica do comparatismo é a promesa da institución de mecanismos de des-alienación, en última instancia, como posibilidade de poñer en xogo as circunstancias de produción do discurso. Adquirirían tales mecanismos algún valor na permanencia? A resposta é adiviñábel: non. Será a súa posición dialéctica a que lles outorgue un valor de peso específico en tanto equiparábel. Falar da escritura do reverso dunha xerarquía sería un principio.

Lo que obriga a considerar *la invención de Occidente*, tan inextricablemente vinculada a la de América, al punto de que se trata de conceptos interrelacionados. Occidente adquiere conciencia de sí no cuando Europa encuentra, en su colisión con América, al *otro* por excelencia (ya sabía de asiáticos y africanos), sino al reducir a la criatura inesperada, al igual que a las anteriores, a la condición de otro, al *otrificarlo*, con lo que da sustento a su mismidad (Fernández Retamar 2000: 38).

O falar da institución, indubidabelmente, debe deseñarse como marco pensado desde o que a universidade da que vimos de falar dáse lugar a si mesma, debe levarnos a falar dun modelo de xeoculturalidade. Retamar desvela en parte a natureza do outro como parte dun modelo xeocultural de valor netamente político: o Outro procede da superposición dunha imaxe que o

condena á outridade, imaxe do suxeito inesperado que queda relegado ás tebras exteriores (exteriores ao coñecemento: aos límites do coñecemento kantianos, para ser máis precisos) para fortalecer dese modo o discurso lexitimador do Propio.

E aínda que aproxime unha perspectiva necesaria, resulta obvio que o movemento de *otrificación* que Retamar describe está moi lonxe de esgotar a problemática que observa. É dicir, non se trata de que o Propio negue simplemente o Outro (en calquera das acepcións actuais que queiramos outorgar á categoría da negación), senón que se trata dunha relación bidireccional. Do mesmo xeito, o problema que xera tal proceso de *otrificación* non remata así, senón que subsiste como posición. Ese subsistir manifestaríase nun principio de independencia referencial dos mecanismos que o Propio xera. Unha vez producido, a marxinalidade ou non do texto debe probarse dentro do sistema da súa estación produtiva e da amplitude da mesma. Quere isto dicir que interpretando, por poñer un exemplo, a existencia do totalitarismo como desafío dunha determinada fase do desenvolvemento do capitalismo non podemos pensar nun esgotamento da cuestión, do interrogante que aínda tales cuestións nos formulan. Non é abondo explicar que a burguesía bota os seus cans á rúa como se non soubésemos que existe unha traxectoria expansiva do fenómeno impredicíbel e independente que se afasta da dirección que o seu motor lle imprimira. O motor non é suficiente. Todo o contrario. Non todo será consecuencia *lóxica*, non tan sinxelo, non tan falsamente a man dun aparato metodolóxico e lingüístico *estándar e ao uso*. Por outra banda, non é tan obvio que o outro se deixe *otrificar*: os seus mecanismos de resistencia baseados na subversión complican o esquema inevitablemente introducindo deseños do sucursalismo, do metropolitano e da colonia, cuxa institucionalización cambia xa. O que en certo xeito se cerne, quizais inconscientemente, sobre a intelixente militancia xeocultural da proposta de Retamar, o carácter fálico do outro, é repulsa e desexo e é esconxurado e aceptado en modos de non agresividade por parte do Propio (existen mecanismos de depuración do texto: cara á comprensión dos mesmos diríxese a proposta de Retamar). O Outro reproducese e libérase en modos cada vez máis fragmentarios, non manifestándose como tendencia, senón como concreción dun movemento de negación e violencia bidireccional e ambivalente.

A formulación da oposición da que vimos de falar realizaría unha fragmentación total dos lugares do seu desenvolverse non como último refuxio dun

escepticismo individualista, senón como fundamentación dunha substancia do discurso necesariamente, só dese modo, traducíbel. Esta oposición reviste unha notábel importancia ao relacionarse con dous movementos do discurso nunha certa e vaga forma relacionábeis co temático (sucesión de invariantes): coa fonte (*Ursprung*: fonte da fonte atopábel até unha vertixe exponencial de signos: fonte enunciada) que atravesa todos os seus lugares comúns até sinalar realidades. Cando estas pretenden ser illadas como entidades en relación coas súas emanacións referenciais en tanto problemas históricos e xeopolíticos (volta á densidade do signo) é posíbel comezar a designar o lugar no que a promesa do comparatismo se encamiña cara a un lugar de institución que só permítense estar sempre fóra de quicio con respecto á súa propia enunciación. A desconfianza dos universais teóricos é o primeiro lugar da discusión sobre os patróns de falsa inclusividade. (Poderíamos ter recordado antes ou agora, a modo de xogo e sempre que non se tratase dunha referencia xa gastada, o mesmo fragmento de Borges que Foucault citaba ao principio de *Les mots et les choses*, se ben a nosa formulación de base sería sensíbelmente distinta). A linguaxe comparatista está, pola contra, onde non está e a súa sombra proxéctase sobre o lugar da fragmentación e do límite do Propio con respecto a si mesmo. Os descoñecementos que tal tradición institucional leva depositado sobre o horizonte metodolóxico do comparatismo son un ángulo de fuga. E así, se a fonte Artaud, excepcional e por iso insubstituíbel como campo de probas, levaría a cabo unha descrición pasiva do Outro convertendo o teatro balinés en contrafigura nunca enunciada, desactivada en tanto totemizada e utópica, o propósito do comparatismo sería non xa a posta en cuestión do discurso artaudiano e dos factores que o motivan (coa posibilidade eventual de deixar intactas as innovacións presentes no seu poñerse en xogo nun escenario dialéctico), nin sequera do mecanismo de oposición ao que poida verse reducido. Sería a verificación dun posíbel cumprimento da súa estratexia de discurso o propio da investigación comparatista e a violencia que esta liña exerce sobre o Outro (e sobre a radicalidade da súa mesma enunciación) no seu cumprimento.

A

Libre de todo posibilismo e de toda manifestación de optimistas signos de converxencia, o lugar cara a un comparatismo pode ser definido do seguinte xeito:

Just as socialism at its best would persistently and repeatedly wrench capital away from capitalism, so must the Comparative Literature persistently and repeatedly undermire and undo the definitive tendency of the dominant to appropriate the emergent. It must not let itself be constituted by the demands of liberal multiculturalism alone (Spivak 2003: 100).

Non poderíamos rematar esta reflexión sen referirmos antes ao traballo da profesora Gayatri Chakravorti Spivak. Os seus volumes outorgan iluminación –pasaxes, por tanto– para boa parte da escrita comparatista da actualidade). Polo camiño da nosa investigación chegaríamos a un dos centros mesmos da cuestión do *Anschluss*, a un dos vértices institucionais de unidireccionalidade produtiva da literatura comparativa: a tradución. A tradución e a problemática da lingua que á tradución subxace están presentes no deseño que sobrevivirá a estas páxinas. Da formulación institucional destes problemas partimos cando nos achegamos ao Outro como entidade á que se lle outorga unha descrición especular (a partir da cal poden e deben construírse tipoloxías retóricas flexíbeis) e da que non nos desfecemos aínda, como entidade que se remite a un complexo esquema de fundación. Toda opción que afronte dun xeito posibilista o problema da tradución é sempre esvaradía: preséntase como posición previa a un estadio de coñecemento para o que deben proveerse medios. Probabelmente o comparatismo teña que enfrontarse dentro de pouco á tarefa de facer un balance que se interroga sobre a escaseza da súa planificación institucional ao respecto e ao significado específico desta mesma escaseza no plan xeral do seu trazado²⁰. Toda fundación do lugar da tradución debe arriscar no paso entre o textocentrismo e a farsa imperialista que se proxecta sobre o produto da tradución para levar a cabo a súa enciclopedia, o seu *Anschluss*:

33

As the benevolent triumphalism of today's transnationality crosses borders at ease, open-plan fieldwork calls for the role of the interpreter. Hegemonic Comparative Literature would continue the analogy: use local interpreters. To displace this institutionally, let us cultivate, rather, the role of the interpreter: inter-diction–speaking between the two sides—as persistent calculus (Spivak 2003: 38).

A autora déixanos no lugar da cuestión: o principio non resolto do *Anschluss* segue a ser a tentación da filantropía. É o da mediación o factor que o com-

²⁰ Ao abeiro do xa por todos coñecido impulso das humanidades por parte do Departamento de Estado americano posterior á II Guerra Mundial.

paratismo debe resolver nun primeiro lugar. A mediación, os intérpretes sucesivos son, por unha banda, unha imaxe da falacia operativa do *close reading*: do establecemento dunha sucesión de categorías que presupoñen un contacto de carácter metafísico entre un suxeito e unha forma inmaterial do texto. Por outra, non semella tampouco claro que a autora distinga un ámbito de realización específico no cadro de emerxencia proposto: lectura-imperialismo. E sería necesario establecer, antes que a necesidade da lectura non mediada, a espectralidade deste tipo de lectura: non a arqueoloxía do concepto, senón observar a dislocación dos seus lugares de establecemento do seu índice de produtividade. O problema non é a mediación, dado que a mediación pódelle ser devolta ao Propio facilmente, o problema é acceder á constatación de algo máis que un nivel simple de subalternidade neste feito. (Este mesmo modo de pensamento podería devolver unha necesaria fragmentación prerromántica ao tecido xeocultural europeo, que a pesar dos cantos fúnebres de Auerbach e Curtius, non acaba de resolverse entre unha satisfeita narración de si mesma e unidades que se contentan con afirmarse nun amábel voluntarismo. O desenvolvemento, ao abeiro dunha universidade da diverxencia, dun comparatismo do *aquí*, de problematización de unidades xeoculturais, do emerxer do Outro no ámbito do Propio. Tal investigación podería dentro do Propio levar a un lugar de lectura radicalmente distinto ao da falsa converxencia que ven caracterizando o radical *Anschluss* do discurso comparatista que o Propio produce). Toda actuación sobre o problema da mediación debe prever que o *fantasmagórico*²¹ rostro do Outro acade un espazo no que a manifestación e a diverxencia deveñan trazos comúns.

B

Digamos, por última vez aquí con Spivak, que unha politización da literatura comparada é tamén, segundo se mire, unha despolitización: “I am proposing an attempt to depoliticize in order to move away from a politics of hostility, fear and half solutions” (Spivak 2003: 4). O movemento da politización/despolitización, no senso spivakiano do comparatismo, ese mecanismo a través do que se traza a posibilidade da emerxencia do Outro, non prevé só unha serie determinada de posicións institucionais, senón tamén que estas

²¹ Retomamos a expresión do *A room of one's own* Virginia Woolf respectando o senso co que o facía Spivak (2003: 50).

poden dar lugar a cláusulas de estilo cunha mobilidade de seu. A observación do *Anschluss*, o trazado do lugar do Outro, pode permitirse o maniqueísmo sempre que se practique en beneficio da diverxencia. Un grande proto-comparatista-do-aquí que ignorou selo, Pier Paolo Pasolini, usou esta arma con grande intelixencia na descrición da identidade napolitana do seu interlocutor imaxinario Gennariello, o Outro, que contrapoñía á uniformización propia do Propio, ás “scenette della televisione della repubblica italiana” (Pasolini 2003: 16). Os *loci communi* propios do discurso comparatista deben ser analizados unicamente en función da súa capacidade de produción de categorías de discurso inclusivas.

Noel Blanco Mourelle

Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía

Baudrillard, Jean (1987), *L'autre par lui-même*, París: Galilée.

Croce, Benedetto (1990), *Breviario di estetica * Aesthetica in nuce*, Milano: Adelphi.

Étiemble, René (1974), *Essais de littérature (vraiment) générale*, París: Gallimard.

Fernández Retamar, Roberto (2000), *Concierto para la mano izquierda*, A Habana: Casa de las Américas.

Foucault, Michel (1971), *L'ordre du discours*, París: Gallimard.

Lacan, Jacques (1973), *Les quatre concepts fondamentaux de la psychanalyse*, París: Éditions du Seuil.

Miner, Earl (1990), *Comparative Poetics*, Princeton: Princeton University Press.

Pasolini, Pier Paolo (2003), *Lettere luterane*, Torino: Einaudi.

Spivak, Gayatri Chakravorti (2003), *Death of a Discipline*, Nova York: Columbia University Press.

Trotsky, Leon (1969), *Literatura y revolución*, París: Ruedo Ibérico.